

ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DE OIA DUNS TREITOS ANTIGOS DA ESTRADA PO-552, XUNTO CO SEU DOMINIO PÚBLICO VIARIO

COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Cristina Correa Pombal, na súa condición de alcaldesa do Concello de Oia, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

O Concello de Oia, no Acordo do Pleno do 30 de xaneiro de 2025, manifestou a súa conformidade ao cambio de titularidade proposto pola Axencia Galega de Infraestruturas dos treitos antigos da PO-552 (Vigo (Avda. do Alcalde Portanet)-Tui (N-551):

- Treito antigo que conecta coa PO-552 na súa marxe esquerda, á altura dos pp.qq. 22+530 e 22+710.
- Treito antigo que conecta coa PO-552 na súa marxe dereita, á altura dos pp.qq 27+700 e 28+440.
- Treito antigo que conecta coa PO-552 na súa marxe esquerda, á altura dos pp.qq. 34+110 e 34+230

Estes treitos antigos, que non son soporte da mobilidade interurbana, serven fundamentalmente aos predios lindeiros e teñen unha funcionalidade estritamente local e, polo tanto, carentes de funcionalidade dentro da Rede autonómica, cumpren co estipulado no punto 11 do artigo 18 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, relativo aos cambios de



titularidade de treitos de estradas a favor de administracións de menor ámbito territorial.

Mediante o Decreto 91/2025, do 13 de outubro, (DOG núm.206 do 24 de outubro de 2025), a Xunta de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Oia destes treitos antigos da estrada PO-552, xunto co seu dominio público viario.

De acordo co establecido no artigo 2 do Decreto 91/2025, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación do cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar o cambio de titularidade a favor do Concello de Oia dos seguintes treitos antigos da estrada PO-552, xunto co seu dominio público viario:

Nº	Transferencia	Inicio treito	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	Final treito	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	Lonx. (m)
1	Treito antigo da PO-552	P.Q. 22+530 ME PO-552	X = 508.678 Y = 4.661.009	P.Q. 22+710 ME PO-552	X = 508.769 Y = 4.660.866	220
2	Treito antigo da PO-552	P.Q. 27+700 MD PO-552	X = 509.196 Y = 4.656.141	P.Q. 28+440 MD PO-552	X = 509.533 Y = 4.655.508	848
3	Treito antigo da PO-552	P.Q. 34+110 ME PO-552	X = 510.511 Y = 4.650.170	P.Q.34+230 ME PO-552	X = 510.506 Y = 4.650.052	136


E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez


A alcaldesa do Concello de Oia, Cristina Correa Pombal

ANEXO I . PLANOS





As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
Código: OUG2U7C7K1R1 Verificación: https://sede.xunta.gal/ove




P.K. ou Inicio/Final da transferencia	UTM X	UTM Y
Inicio en Pk 22+530 ME PO-552	508.678	4.661.009
Final en Pk 22+710 ME PO-552	508.769	4.660.866

Nº	a transferir	Lonx.(m)
1	Treito antigo da PO-552 (Pks 22+530 a 22+710 ME)	220

Transferencia a prol do Concello de Oia de varios treitos antigos da PO-552, xunto co seu DPV.

- Eixo viario obxecto da transferencia ao Concello
- Puntos quilométricos da transferencia
- Eixo viario autonómico
- × Fito quilométrico autonómico

1:1.500



P.K. ou Inicio/Final da transferencia	UTM X	UTM Y
Início en Pk 27+700 MD PO-552	509.196	4.656.141
Final en Pk 28+440 MD PO-552	509.533	4.655.508

Nº	a transferir	Lonx.(m)
2	Treito antigo da PO-552 (Pks 27+700 a 28+440 MD)	848

Transferencia a prol do Concello de Oia de varios treitos antigos da PO-552, xunto co seu DPV.

- Eixo viario obxecto da transferencia ao Concello
- Puntos quilométricos da transferencia
- Eixo viario autonómico
- Fito quilométrico autonómico

1:3.500



